

*Rozelia Lois*

**ACANTARIS GALLEGOS**

REAL ACADEMIA  
GALLEGA  
LA CORUÑA

F 7720

Biblioteca

PONTEVEDRA


ESTABRECEMENTO TIPOGRÁFICO

DE "LA OPINIÓN"

1899









ROXELIO LOIS



**COLECCIÓN**

DE

**Cantares gallegos**

ADICADA A O SEÑOR DON

**ANTONIO GUIMARÉ**



**PONTEVEDRA**



ESTABLECIMIENTO TIPOGRÁFICO

DE "LA OPINIÓN"

1899





E PROPIEDÁ D' O AUTOR





Asociación de escritores de "Revista  
Gallega" de la bruma en prosa  
Recomendación de autor

---


Mayo 21 de 1899

**ADICATORIA**





LIBRARY











Tip-Lit. de Landin. Pontev.

Antonio Guimaraes

*[A decorative flourish consisting of a long, horizontal, slightly wavy line that ends in a small loop on the right side.]*








*A o meu distinguido amigo o se-  
ñor don Antonio Guimaré, há-  
bil e intelixente zurucano e  
gallego entuseasta como poucos*

Sabes, amigo Guimaré, que dende que foches persidente d' o *Certame Musical* celebrado en Tuy o ano de 1896, e que tan brillantemente foi realizado, che fixen unha pormesa que non poden cumprir hastra a fecha por razóns que á ti non che son desconecidas.

A o adicarche ista humilde obra miña deixo satisfeito o meu compromiso; e debes de quedar contento a o ver ó frente d' iste libriño o teu retrato que aunque está moi escuro, él che fará ver cun ro canto é o cariño que che profeso, e






que unidos dende hoxe nosos només xamais os sopararán as intrigas d'os homes falsos e ruins que por desgracea abundan n'a sociedade.

Si con egoal afeuto qu' eu ch' o adico chegas a aceutar o meu traballo, nova proba d' a miña amistadá, deixarás com-pracido a teu amigo verdadeiro

*Roxelia Lois.*

Pontevedra, Abril de 1899,





A O LEUTOR






LIBRARY OF THE







## A o leutor



Perdoa que ó molestal-a tua ilustrada atenceón o faga con un traballo tan probe coma o que hoxe che oferzo; pro sei que me ausolverás cando che diga o motivo que me impulsou a dal-o a emprenta.

Non foi outro que aumental-o número d'os CANTARES GALLEGOS que se levan publicados, por si algunhos d'os que contén iste libro merescen o teu benépracito; contribuir á porpagacéon d' o noso tan subrime dialeuto, e demostrare,






unha vez mais, que os nosos CANTARES son á millor espreseón d' os nosos afeutos, o tenro linguaxe d' os nosos sentimentos, e o fidel refrexo d' as nosas costumes.

Si o meu traballo, con todo de ser cativo, meresce o teu aprauço, pol-as razóns que d' espór acabo, quedará satisfeito


*O autor.*

**Abril, 1899.**






# CANTARES GALLEGOS






ORITREB-8300TAD0







## I




**M**IÑA nai, cando morreu,  
dixome dándome un bico:  
nunca t' esquezas de Dios  
nin de min, fillo querido.

## II

A o bendito San Anton  
rezo e pidolle de cóte  
que m' escolla un bó marido  
que me agarime e console.

## III

Cando o escapulario biques,  
lémbtrate sempre de min,  
e pidelle a Dios me dea  
resinaceón pra sufrir.





## IV

Encoméndate, meu fillo,  
á Virxe Santa d' o Carme  
qu' Ela n' as loitas d' a vida  
será sempre quen te ampare.

## V


D' a miña vida o camiño  
está d' abroxos semeado.  
¡Cando acabará, Dios xusto,  
o meu penoso Calvareo!

## VI

Santa Rita! Santa Rita!  
d' impusibres abogada;  
dame unha sogra que sexa,  
cal Vos sodes, unha santa.

## VII

Virxe d' os Desamparados!  
Miña naiciña querida!  
non me abandones n' a morte  
xa que me atendes n' a vida.






## VIII

Si ouces, Virxe d' o Refuxio  
a miña homilde pregaría  
irei, o dia que morra,  
n' a túa santa compañía.

## IX

Si os homes non tivesen  
de Dios ideya  
que inventalo terían  
por convenencia.  
Pois de outro modo  
seríamos cal féras  
os homes todos.

## X



Por mais que moitos encantos  
Dios en ti depositou,  
non téis o mais necesáreo  
qu' é o encanto d' o pudor.

## XI

D'a vida os dolces praceres  
buscamos un moito afan  
sen lembrarnos de que a morte  
de cóte en asexo está.





## XII

Debaixo d'o teu xustillo  
tés á riqueza millor,  
duas fontañas de leite  
pra'os fillos que che da Dios.

## XIII

Non digas que honrado eres  
si é que te propos medrar;  
hoxe a os pillos soyamente  
dalle á man á sociedade.

## XIV

Canto ben poidas faguer  
faino sin reparo algun,  
pois Dios á aquel que ben fai  
dalle sempre *cen por un*.

## XV

Son os teus ollos, ruliña,  
duas amoras maduras;  
n'a miña vida vin ollos  
mais pretos que os teus, Maruxa.





## XVI

Ancando a risa teño  
sempre n'os lábeos  
e crén moitos que á vida  
paso gozando,  
non é verdade;  
as mágoas que me afrixen  
Dios soyo as sabe.

## XVII


Qu'examais m'esquencerías  
dixéches chorando á fío,  
e dende que te ausentaches  
non sei si estás antre os vivos.

## XVIII

Fixéchesme mal de ollo  
e con todo estou moi ben;  
está visto que os teus ollos  
non lle fan mal á ninguen.

## XIX

Cando estou lonxe de tí,  
miña terra idolatrada,  
sempre me alcontro tristeiro...  
y-é a morriña que me mata.





## XX

Xilgariños trinadores  
que n' o regueiro bebedes,  
chorade comigo a morte  
d' o neno que está n' o berce.

## XXI

Por aparecer honrado  
pós hoxe todol-os médeos,  
pero coma nonca o foches  
véndente sempre os leus feitos.


## XXII

N' un curruncho de Galicia  
vin á lus por ves pirmeira  
e a gala teño en haber  
nacido en terra gallega.

## XXIII



U n aperta che pidin  
e non m' o quixeches dar;  
o dia que ti m' o pidas  
hei faguercho desexar.





## XXIV

Non te achegues tanto a min,  
Rosiña d'a miña y-alma,  
por que me derrete o fogo  
d'as túas ténras olladas.

## XXV


As bágoas que a min acoden  
a o lembrante, ¡miña meiga!  
son tantas e tan ardentes  
que as meixeliñas me queiman.

## XXVI

Adios Galicia querida!  
adios terra de meus pais!  
às Amérecas marchamos  
boscando o qu'eiqui non hai.

## XXVII

Si as mágoas qu'estou pasando  
adeviñar tí poideras  
non terías caridade  
si de min non te doéras.





## XXVIII

Dixéchesme «toma o meu»  
cando o meu amor che dín;  
vin a muller en tí sempre  
mais teu amor nonca o vin.

## XXIX

Cando por ves primeira  
nos contempamos  
quedamos sen dar fala  
feitos us parvos.  
E foi que ó vernos  
d'ó Dios Cupido fumos  
dous pirsioneiros.

## XXX

Adios, naiciña querida!  
adios, que á guerra me levan!  
Volverei cheo de gloria,  
senon... ¡por min a Dios prega!

## XXXI

Paxariños que cantades  
enriba d'ises loureiros;  
¡quen fora coma vosoutros  
que nonca estades tristeiros!





## XXXII

Lonxe d'a miña chouciña,  
lonxe d'a terra gallega,  
soilo de ti me lembraba,  
¡miña vaquiña marela!

## XXXIII


Unha humilde frol nasceu  
a o pé d'o teu panteon  
e regada c'o meu pranto  
vai vivindo a probe frol.

## XXXIV

Ruliña: se morro en Cuba  
non teñas, por min pesar.  
¡Ditoso ó fillo que morre  
defendendo á sua nai.

## XXXV

A o teu lado son felis,  
e tanto e tanto che quero,  
que cando estou de ti lonxe  
moito a o lembrarte padezo.





## XXXVI

*Engrata* foches cumigo  
y-*engrata* foches con moitos,  
como *engrata* nasciches...  
*engrata* serás con todos.

## XXXVII




ON vayas de noite á fonte  
a buscar auga n'ó xarro  
por que como fai escuro  
poden n'a fonte quitarcho.

## XXXVIII

N'ó *queixo* unha mo: de lela  
dinche ó vir d'ó fiadeiro,  
e ben fixeche en fuxir  
que se non... quedas sin *queixo*.

## XXXIX

Unha vella e mais un vello  
dispuxéronse a casar;  
a vella por estar quente  
e o vello por se quentar.





## XL

Xeroma n'unha esfollada  
meteume a man n'a faltrica;  
c'o que atopou non-o sei...  
pero escachaba co'a risa.

## XLI


O fol d'a gaita de Xan  
está cheo de buratas  
y-en decir dan as veciñas  
que llo furaron *as ratas*.

## XLII

Un paxariño sen prumas  
púxenlle a Brasa n'a man;  
a o collelo dou berro  
pro dempois... non berrou mais.

## XLIII

Non sei o que a moitas mozas  
lles poden dar n'as fiadas  
porque van legres e volven  
moi tristes e sen dar fala.





## XLIV

Todal-as noites a o Temprouas a ourar ante o Calváreo e o *Xesus* que alí te leva xamais estivo encravado.

## XLV

Non bailes o agarradiño con ningun home, rapaza, por que o tal baile costou a moitas algunhas bágoas.

## XLVI

Tempo fai que Xepe a gaita non toca sendo gaiteiro, e as mozas dicen que y-é por que lle falla o *punteiro*.

## XLVII

Vente cunmigo rapaza se qués que te poña boa, qu' eu son quen quita o meigallo às que van a Santa Comba.





## XLVIII

Decíame, Candeloria,  
que soyo a min me querias  
e a un tempo estabas con catro  
faguendo mil tolerías.

## XLIX

Pol-o burato d' a porta  
catal-as pulgas che vin  
e n-o millor ¡malo rayo!  
morreu á lus d' o candil.

## L

Si o que che pido has de dar-me  
non m' o fagas desexar,  
que as cousas moi releadas  
perden o méreto xá.

## LI

N' a tua fonte meniña,  
quixera apagal-a sede  
ancando dempois tivese  
que de indixesteon morrere.





## LII

Si eu fora pulga Maruxa,  
e che choutara a unha medea  
hábiame de meter  
donde tí non me colleras.

## LIII

Hai homes tan garuleiros  
que á pesar d' a sua velles  
inda rastrexan as lebres  
pero... xa non hai de qué.

## LIV



VIVA Lugo e mais a Cruña!  
viva Ourense é Pontevedra!  
vivan os gallegos todos!  
e ¡viva a gaita gallega!

## LV

Ti pídemme canto quiras  
que farei por compracerte  
¿pero que de ti m' esquenza?  
¡xamais! namentras alente.





## LVI

Se qués ser algo n' o mundo  
a vergoña deixa a un lado,  
pois hoxe os que fan fortuna  
son soyo os desvergoñados.

## LVII


Si en min pensas algun dia  
a o lembrarte d' o teu pobo  
ergue a testa ollando a o ceo  
que ali estaran os meus ollos.

## LVIII

Sei moi ben que os meus *Cantares*  
non son *Cantares* de méreto  
mais *canto* por que *cantando*  
de min as mágoas aleixo.

## LIX

A o serviceo d' o Rei fun  
con moitismo sentimento  
e hoxe sinto no-haber ido  
a servir, a o Rei, mais cedo.





## LX

Teñen cór de xabre as *roxas*,  
de terra enxoita as *morenas*,  
as *brancas* o d' a cal viva  
e o de barro as mais *trigueñas*.

## LXI


O que para *ichavo* nasce  
non pode chegar a *carto*;  
pol-o mesmo hastra que morra  
serei sempre desgraceado.

## LXII

Quixera ser anduriña  
para buscal-o teu niño;  
pousarme n' él, contemprarte,  
e retornar de camiño.

## LXIII

A vulgar pol o teu rosto  
debes de ter bella a y-alma.  
¡Ditoso aquel que conquira  
teu enxebre amor, rapaza!





## LXIV

Quen se adique á boscar hoxe  
a xusticia pol-a terra  
moitas voltas ten que dare,  
de fixo perde a pacencia.

## LXV

Hay quen fai mil falcatrúas  
e pasa por home honrado  
e quen vive honradamente  
y-é pol-a xente aldraxado.

## LXVI

Cando estou lonxe d'a patrea  
e ouzo d' as campás os sons,  
lembro as d' a aldeya onde deixo  
anacos d' o corazón.

## LXVII

Mentras de algo che servin  
fóches moi agasalleira,  
dempois que vello me viches...  
¡mália quen de ti se lembra!





## LXVIII

Rouba un probe catro espigas  
e a persideo vai dous anos;  
rouba un rico canto pode  
e xamais é castigado.

## LXIX


Cando o gaiteiro de Barro  
fai n' a gaita alguns froreos  
total-as rapazas dicen:  
¡ay que gaita e que gaiteiro!

## LXX

Hai quen arrastra un grillete  
y-estar preso non debia,  
e moitos que soltos andan  
arrastralo merecían.

## LXXI

Por gustarme muller grosa  
quixen casarme con Xepa  
y-ela non quixo decindo:  
«qu' era home de pouca freba.»





## LXXII

Se vives honradamente  
nonca farás gran fortuna,  
pero si vives, cal moitos,  
serás rico sen desputa.

## LXXIII


Teus ollos cando me miran,  
coma ti sabes mirar,  
parés que m' estan decindo:  
«arrechégate pra acá.»

## LXXIV

Caseime con muller rica  
e ¡mália cando casei!  
pois co-a riqueza tan soyo  
feliz naide pode ser.

## LXXV

Decía unha vez un cura  
que predicaba un sermon:  
«O roubado pouco dura»  
e tiña moita razon.





## LXXVI

Son total-as gallegas  
tan boas mozas  
que sempre á palma levan  
onde sealcontran.  
Viva Galicia!  
criadeiro de nenas  
tan bunitiñas.

## LXXVII

Hei pedir que cando morra  
por min as campás non dobren  
pois non quero darlle gosto  
a quen me desexe a morte.

## LXXVIII

Si Galicia con orgullo,  
olla a bandeira española  
è por que tén n' ela esquirtas  
moitas páxinas de groria.

## LXXIX

Pasei pol-o Cimetéreo  
unha noite moi escura  
e vin relumar os ollos  
d' os mortos, n' as sepulturas.





## LXXX

Xudas por vender á Cristo  
gañouse trinta diñeiros  
e ti tamen por traidor  
gañaches o meu despréceo.

## LXXXI


Cando un can de noite oubea  
de cóte defunto hay;  
parecera bruxería,  
pero resolta verdá.

## LXXXII

Quen nos teña por cordeiros  
pequerrecho chasco leva:  
¿Cordeiros os vencedores  
d' o grande Xéneo d' a guerra!

## LXXXIII

Si libertarte d' a envexa  
quieres, nena, en todo tempo  
unha *figa* e un *dente de allo*  
traí sempre arrente d' o peito.





## LXXXIV

Que alegres deixan os eidos  
os quintos que a guerra van:  
¿Quén decirá ¡malpocados!  
que a morte van a boscar?

## LXXXV


Eres rapaza tan linda,  
tan sinxela e tan hondosa  
que todol-os homes dicen  
que cal ti poucas sealcontran.

## LXXXVI

Si a gaita cura de cóte  
a morriña d' os gallegos  
è porque en Galicia as festas  
todas se fan con gaiteiro.

## LXXXVII

Moitos centos de gallegos  
foxen para emigraceon  
por non morrer de laceira,  
por non vendel-os terrons.





## LXXXVIII

Por mais que a miña testa  
 vese nevada  
 moito fogo inda teño  
 n' a miña y-alma.  
 Consiste todo...  
 que a y-alma nonca e vella  
 cal noso corpo.

## LXXXIX



ATUXIÑA, Catuxiña,  
 a cara vira pra min,  
 non te anoxes, ¡miña meiga!  
 e non me aldraxes eisi.

## XC

—Marchan á Cuba os soldados  
 roxiños como cereixas  
 e cando de Cuba volven  
 a cara tran amarela.

## XCI

—Deixa de cantar, Catuxa,  
 e non te lembres de nadia;  
 olla ben o que che pido  
 e nonca séxas engrata.





## XCII

—Dicen que á palabras néceas  
hai que pór ouvidos xordos,  
e como te vexo vir...  
fai de conta que non ouzo.

## XCIII

—Dame un biquiño ;ruliña!  
dámo por amor de Dios,  
xa sabes como me poño  
cando a caron teu estou.

## XCIV

—Non me tentel-a pacencia  
e déixate d' isas cousas...  
hay mulleres de mulleres  
y-eu inda teño vergonza.

## XCV

—Si non me das un biquiño,  
Catuxa d' a miña y-alma,  
xuro por Dios encravado  
non volver a darche fala.





## XCVI

— Ou ves peneque de todo  
ou perdechel-o xuicio:  
ti fai o que che conveña  
mais inda é cedo pra os bicos.

## XCVII


— Si un bico é tan pouca cousa  
non m' o negues ¡miña rula!  
olla que con dar-me un bico  
quedas o mesmo, Catuxa.

## XCVIII

— Cumigo perdel-o tempo  
e farás mal si te anoxas:  
eu soilo debo bicarche  
cando nos poñan á estola.

## XCIX

— Xa que tan dura te amstras  
con que che dou seu amor,  
garda o bico e fai de conta  
que antre nós nada pasou.





## C

—Vaite con Dios e non volvas  
porqu' eisi quedo moi ben,  
e si o bico me pillases  
como quedara non sei.






## NOTA



Os cen Cantares gallegos de que se compon iste libriño van colocados con arreglo a siguiente clasificación que d' eles fixemos:

Relixiosos. — Morales e sentenceosos. —  
Amorosos. -- Xocosos y-epigramátecos. —  
Varios. — En dialogo.





# OBRAS D' O AUTOR

## Publicadas

*Pelra... antre seixos.*—Versos en gallego con un prólogo d' o Ecxmo. señor D. José Echegaray.

*Abrojos.*—Versos en castellano.

*Contos e Cantares.*—Versos en gallego.

*Fabas e Castañas.*—Versos en gallego y en castellano.

*Estrugas.*—Versos en gallego.

*Cantares gallegos.*

## Próuximos á publicarse

*Burbujas.*—Versos en gallego y en castellano.

*Por la Patria.*—Cuadro dramático en 1 acto.

*Trabajo frustrado.*—Monólogo en verso y en prosa.

*Remembranzas.*—Libro de versos en castellano y en gallego con un hermoso prólogo d' a laureada escritora señorita doña Sarah Lorenzana Couto.

*Artistas al vapor.*—Disparate cómico-lírico en 1 acto.

*Antaño y Hogaño.*—Monólogo en verso.









**Precio: UNA PESETA**

